

XORNADA DE XOGOS FEMINISTAS NA BIBLIOTECA DO C.I.F.P. A XUNQUEIRA

No marco da Semana do 8M (programación de actividades do 4 ao 8 de marzo de 2024 organizada por unha equipa do C.I.F.P. A Xunqueira composta por docentes da familia de Servizos Socioculturais e á Comunidade e do equipo de biblioteca), organizamos unha Xornada de xogos feministas o día 7 de marzo na biblioteca.

Por que: Os obxectivos da Xornada de xogos feministas son visibilizar a mulleres referentes ao longo da historia en diferentes ámbitos, coñecer acontecementos históricos do feminismo e promover a linguaxe non sexista nun espazo para a convivencia e a igualdade como é a biblioteca.


Quen: Vai dirixida ao alumnado de FP do noso centro que cursa ciclos básicos, medios e superiores, sendo dinamizada por profesorado da equipa organizadora da Semana do 8M.

Cando e onde: O xoves 7 de marzo de 2024 na biblioteca en diferentes franxas horarias da mañá e da tarde, previa inscrición do grupo participante.

Como: Os recursos seleccionados e a modalidade de xogo están pensados para un máximo de 35 persoas e 1 hora de duración. No primeiro xogo proposto participa todo o grupo e, para os seguintes, será necesario dividir ao alumnado en distintos subgrupos (facelo de maneira rápida, tendo en conta o criterio da persoa docente que acompañe ao alumnado). No caso de que haxa distintos grupos de clase nunha mesma sesión, intentar formar subgrupos heteroxéneos.

DESCRICIÓN DOS XOGOS:

1) Unha volta de rosca



Descrición: Xogo inspirado no famoso programa de televisión no que partindo dunha letra e unha pista, hai que dar cos termos correctos. Trátase dunha versión que promove a igualdade de xénero, e, fundamentalmente, o uso non sexista da linguaxe.

Persoas participantes: Todo o grupo.

Duración: aprox. 30 minutos.

Material: pulsador, ordenador, pantalla para proxectar o rosco, listaxe coas solucións e [enlace](#).

Opcións para xogar:

- Opción 1: Xoga todo o grupo, o obxectivo é conseguir o roscó entre todas as persoas. Proxéctase o roscó e en gran grupo cada alumna/o vai xogando; se adiviña segue, se non a sabe e pasa, continúa a seguinte persoa ou ben colaborativamente póñense de acordo para dar unha resposta e introdúcese esta para comprobar se é a correcta.
- Opción 2: Para esta opción xogárase con pulsador. Créanse varios subgrupos. Lése a definición e o equipo que a saiba ten que levantarse a picar no pulsador. Váanse anotando en cada equipo os acertos e fallos, gañando aquel que máis acertos teña.

Solucións:

- Coa letra **A**: Conxunto de persoas que asisten a un centro de ensino. ALUMNADO.
- Co **B**: Na comunicación escrita podemos empregar, sen sobrecargar o texto, o uso da ... para referirnos ao feminino e masculino. BARRA.
- Coa letra **C**: Grupo de nenas e nenos. CRIANZAS.
- Co **D**: Cómpre ter ollo coa utilización do ... para aludir á realidade das nenas e do aumentativo para referirse aos nenos; por exemplo: casiña, neniña, homazo... DIMINUTIVO.
- Co **E**: Conxunto de persoas que dirixen sociedades de carácter comercial ou industrial. EMPRESARIADO.
- Co **F**: Conxunto de persoas unidas por lazos directos de parentesco. FAMILIA.
- Co **G**: Apelido da autora da Declaración dos Dereitos da Muller e da Cidadá, obra escrita en plena Revolución Francesa reivindicando a igualdade de dereitos das mulleres fronte á Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán. GOUGES.
- Co **H**: Mulleres e homes conformamos a... HUMANIDADE.
- Co **I**: Cando se empregan citas célebres de mulleres, estase contribuíndo a rachar a ... das mulleres. INVISIBILIZACIÓN.
- Co **K**: Apelido da pintora expresionista e surrealista mexicana, da primeira metade do século XX. KAHLO.
- Co **L**: Dereito e posibilidade de poder actuar unha persoa segundo os propios criterios e de decidir por ela mesma aquilo que lle atinxe, sen estar sometida ás imposicións doutras. LIBERDADE.
- Co **M**: Valorar negativamente ás mulleres que deciden vivir o sexo con total liberdade é un exemplo de... MACHISMO.
- Co **N**: Substantivo que se usa para referirse á relación entre noivos, entre noivas ou entre un noivo e unha noiva. NOIVADO.
- Co **O**: Profesional da medicina especialista en enfermidades dos ollos. OCULISTA.
- Coa letra **P**: Conxunto de profesionais do ámbito da saúde [son dúas palabras]. PERSONAL SANITARIO.
- Co **Q**: Pronome relativo co que corraxir a seguinte frase para facer un uso non sexista da linguaxe: “os que participen deben abonar as taxas de inscrición”. QUEN.
- Co **R**: Conxunto de rapaces e rapazas. RAPAZADA.
- Co **S**: Cargo e lugar onde atopar ao secretario ou á secretaria dunha institución. SECRETARÍA.
- Co **T**: Aceptarnos, valorarnos e respectarnos, confiar e crer nas propias habilidades, no que verdadeiramente queremos, favorece a construción de relacións baseadas no bo... TRATO.
- Co **U**: Entre os efectos do uso do masculino como xenérico está: identificar o masculino co UNIVERSAL.
- Co **V**: Conxunto de persoas que viven nun mesmo edificio, barrio ou poboación. VECIÑANZA.
- Co **W**: Apelido dunha tenista estadounidense actual e de elite a nivel mundial. WILLIAMS.
- Contén o **X**: Expresións como: é un nenaza, é unha marimacho, son expresións... SEXISTAS.
- Co **Z**: Cando se di “vou ao médico”, e en realidade se ten unha médica, estase a contribuír a invisibilizar ás mulleres nas profesións, polo que sería unha metedura de... ZOCA.

2) MemoFEM: científicas e inventoras

Descrición: Xogo de memoria sobre mulleres científicas e inventoras. Colócanse as cartas boca abaixo. A primeira persoa dará a volta a dúas cartas, se son iguais lévaas e continúa xogando, se non volve a poñelas cara abaixo e continúa a/o seguinte. Cando se consiga unha parella, a docente lerá a información correspondente a cada muller (breve información que contén o xogo) e continuarase.

Persoas participantes: 4 (xógase de maneira individual).

Duración: aprox. 10 minutos.

Material: 32 cartas que corresponden a 16 científicas e inventoras relevantes e póster coa súa biografía.



3) La oca de las mujeres



Descrición: É un xogo estilo “Oca” que visibiliza a mulleres en diferentes ámbitos. Xógase ao estilo da oca tradicional coa seguinte variante: a docente le información contida no libro segundo o número da cela na que se caía.

Persoas participantes: 4 (xógase de maneira individual).

Duración: 10-30 minutos (variable en función de canto se profunde na lectura do libro). Non pasa nada se non se remata a partida.

Material: taboleiro e libro de “La oca de las mujeres”, fichas, gobeletes e dados.

4) Who's she? Mighty women's stories

Descrición: Xogo do tipo “quen é quen” no que hai que adiviñar a muller que ten a/o contrincante a través de preguntas ás que só se pode responder si/non sobre os seus logros e competencias (e NON a través da súa aparencia física). O xogo inclúe unha tira con lendas como guía para facer preguntas sobre distinto tipo de información que permite ir ampliando coñecementos sobre as mulleres do taboleiro.

Material: 2 xogos (1 en castelán e 1 en inglés) e cada un con 2 taboleiros, 2 tiras coa lendas e 28 fichas biográficas.

Persoas participantes: 4 (se xogamos individualmente, 2 por xogo) ou, en grupos numerosos, 8 (xogando por parellas, 2 contra 2 en cada xogo).

Duración: aprox. 10 minutos.



5) Feminismos no tempo: Invisibilizadas



Descrición: É un xogo que consiste en ordenar de maneira cronolóxica a mulleres que fixeron historia ao longo do tempo. As cartas teñen 2 caras, por unha aparece a muller salientada sen a data e pola outra, coa data que corresponde.

Barállanse as cartas e repártense 4 a cada persoa, coa data oculta. Cóllese unha carta aleatoria do mazo e ponse na mesa coa data visible; esta será o punto de partida para crear a nosa liña do tempo. Comeza a persoa menor de idade e deberá situar algunha das cartas da súa man á dereita (se considera que este evento foi posterior) ou á esquerda (se cre que

sucedeu antes) desa primeira. A persoa dálle a volta a carta: se adiviña, déixaa onde está, se falla, debe desbotala no mazo e coller outra. O obxectivo é, ademais de aprender, quedar sen cartas.

Persoas participantes: 8 (máximo 10) (xógase de maneira individual).

Duración: 15-30 minutos.

Material: xogo con 55 cartas.

6) Feminismos no tempo: Acontecementos

Descrición: Este xogo consiste en ordenar de maneira cronolóxica distintos feitos da historia do feminismo. Hai cartas de acontecementos, publicacións de revistas, libros clave ...

Mesma dinámica de xogo que o anterior.

Persoas participantes: 8 (máximo 10) (xógase de maneira individual).

Duración: 15-30 minutos.

Material: xogo con 40 cartas seleccionadas.

